



Oferta Educativa

Francés, segunda lingua estranxeira



1º

ESO

Materia de 2 horas semanais.

- Saudar e presentarse.
- Falar dos teus gustos.
- Dicir onde vives (países, nacionalidades).
- Familia, describirte físicamente, carácter e roupa.
- Partes do instituto, materias, actividades extraescolares.
- A túa xornada: Rutinas e horas.



2º

ESO

Materia de 2 horas semanais.

- A cidade, direccións e medios de transporte.
- As partes do corpo, expresar dor, consellos de saúde.
- Os alimentos, cantidades, pequeno almorzo e pratos favoritos.
- Os teus intereses: Deportes e actividades.
- Viaxes e tempo meteorolóxico.
- Natureza, animais e mascotas.



Je parle
français

Beneficios de escoller segunda lingua estranxeira-Francés:

- É unha materia que ten continuidade ao longo da ESO e do bacharelato.
- Rápido progreso por derivar do latín, como o castelán e o galego.
- Permite acadar o nivel A2 en 4º ESO e o B1-B2 en bacharelato.
- Posibilidade de certificar o nivel grazas ao DELF (Diplôme d'Études en Langue Française), recoñecido en máis de 170 países. (Nivel B1 necesario para titular un grao universitario, B1/B2 para Erasmus).
- Máis facilidade para optar ás bolsas Erasmus en países francófonos debido á menor demanda en comparación co inglés.
- Aceso a bolsas da Xunta de Galicia para estancias lingüísticas en Francia durante o verán.
- Pode axudar a subir a nota das PAU ata en 2 puntos.
- Marca a diferenza á hora de atopar traballo, mesmo sen saír da nosa zona xeográfica, xa que en Vigo hai varias multinacionais francesas.
- É lingua de traballo nas institucións europeas xunto co inglés e o alemán.
- Permite viaxar por todo o mundo, xa que se fala nos 5 continentes.